



## INFORMACIÓN XERAL

### Roteiros medioambientais GUIADOS: coñece o teu Concello e arredores.

*Concellería de Educación (Soutomaior)*

**Obxectivos:** coñecer os valores medioambientais do noso Concello da man dunha guía e aprender un pouco máis sobre a natureza e patrimonio que nos rodea. Promover o senderismo como medio para estar en forma. Educar en valores de respecto e coidado á natureza.

**O calendario de roteiros para este trimestre é o seguinte:**

#### **Domingo 12 de novembro: "A ENERXÍA DA AUGA"**

---

**Breve descrición:** 6.5 kms, lineal. Dificultade media; desnivel moderado. O desnivel non é moi acusado, pero califícamolo como de nivel medio porque hai un par de costas con terreo desigual, no que hai que poñer moito coidado. Tamén advertimos que non é recomendable para persoas con moita vertixe, pois atrávesase unha ponte en altura.

**Temas:** Neste roteiro camiñaremos ao longo do río Verdugo, gozando da vexetación de ribeira e co fío condutor da Central Hidroeléctrica. Atoparemos as diferentes infraestruturas necesarias para producir enerxía. E, todo isto, rodeado de recunchos de vexetación que nestas zonas pouco accesibles aínda se conservan.

**Ferramentas:** láminas sobre o funcionamento da minicentral e de elementos naturais salientables.

**Data:** Domingo 12 de novembro. **Hora:** 10:30 - 13:30. **Inicio:** Aparcamento da Ponte Colgante  
<https://goo.gl/maps/RSscHSuoQzQ2>

**INSCRICIÓNS:** Para participar é obrigatorio inscribirse previamente. Data límite 8 de novembro de 2017. Inscricións a través deste enlace: <https://goo.gl/forms/u0vJacdGf5JmozVC2>

#### **IMPORTANTE:**

Lembramos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicarémolo o antes posible a cada participante.

#### **Material necesario:**

- É recomendable levar calzado axeitado para camiñatas no monte que agarre ben, porque como xa dixemos hai zonas de pendente que poden esvarar.
- Roupa axeitada ao día.
- Unha pequena mochila con auga (1/2 l) + Froita (ou bocadillo). Opcional